

Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial para o día 28 de marzo de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 o Pleno debe realizar sesión ordinaria cunha periodicidade mensual.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** do Pleno da Corporación Provincial, nos seguintes termos:

DÍA: 28 de marzo de 2025
HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*
LUGAR: Salón de Plenos do Pazo Provincial

** Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente dous (2) días despois.*

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2025/3J/PLENO PRESIDENCIA

Aprobación da acta da sesión anterior correspondente á ordinaria do día 28 de febreiro de 2025.

2. 2025/7761M PRESIDENCIA

Aprobación da modificación da data de realización das comisións informativas permanentes para o mes de abril de 2025.

3. 2025/3149Q PRESIDENCIA

Aprobación da reacción e adhesión da Deputación Provincial de Ourense a unha

Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) denominada "Raia Seca y Gerês-Xurés".

4. 2024/16029K PRESIDENCIA

Aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2025.

5. 2025/1626B PRESIDENCIA

Aprobación inicial da bases reguladoras Programa de cooperación BenOurense para o servizo de axuda no fogar básico para o exercicio 2025.

6. 2025/8275J PRESIDENCIA

Aceptación da delegación e aprobación da incorporación ao servizo de recollida da fracción papel-cartón e aos fluxos económicos correspondentes da entrega a xestor do Concello de Monterrei a partir do 1 de abril de 2025.

7. 2025/8277S PRESIDENCIA

Aceptación da delegación e aprobación da incorporación ao servizo de recollida da fracción papel-cartón e aos fluxos económicos correspondentes da entrega a xestor do Concello de Laza a partir do 1 de abril de 2025.

8. 2025/5638K PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para avanzar cara a mellora dos mecanismos de financiamento dos concellos da provincia de Ourense.

9. 2025/5705L PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular relativa ao superávit orzamentario do ano 2024.

10. 2025/5763P PRESIDENCIA

Moción do Grupo do BNG ante a declaración de zona vulnerable por nitratos na Comarca da Limia.

11. 2025/4662B PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para paliar o impacto do peche da escola infantil “ A Casiña” e achegar alternativas viabéis para as familias.

12. ASUNTOS DE URXENCIA.

13. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

- Dación de conta da liquidación do orzamento do exercicio 2024.
- Dación de conta da relación de decretos do mes de febreiro de 2025.

14. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.